

OFERTA ECOBAS 2021-06:

Convocatoria de contrato temporal de iniciación á investigación

Ofértanse 6 contratos de iniciación á investigación para as persoas que se matriculen no Máster Interuniversitario en Economía nalguna das tres universidades do SUG, co obxectivo de apoiar economicamente ó alumnado máis excelente e espertar o seu interese pola investigación.

Tipo de contrato: temporal

Duración estimada: 1'5 meses

Data estimada de inicio do contrato: 15 de setembro de 2021

Retribución: 1.130€ brutos mensuais

Tipo de xornada: a tempo completo (40 horas semanais)

Lugar de traballo: por determinar, segundo a localización do grupo de investigación no que se integre

Traballo a realizar:

O traballo a realizar pola persoa seleccionada irá dirixido a dar apoio a algún grupo de investigación dos participantes no Máster Interuniversitario en Economía, realizando as tarefas que lle sexan encomendadas pola persoa titora.

A persoa candidata poderá solicitar a titorización dun/dunha investigador/a da súa elección, sempre que forme parte do equipo docente do mestrado, ou deixar que sexa a coordinación do programa quen llo/a asigne.

O tipo de tarefas a realizar, así coma o horario e a localización na que se desenvolva o traballo, serán consensuadas entre a persoa contratada e a persoa titora.

Requisitos xerais de admisión

Para seren admitidas neste proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude dentro do prazo establecido nesta convocatoria, e posuír

os seguintes requisitos na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, manténdoo durante todo o proceso selectivo:

- a) Ser nacional dalgún Estado membro da Unión Europea, cónxuxe ou descendente, segundo o establecido legalmente. As persoas que sexan nacionais de estados distintos dos anteriores poderán tamén participar se se atopan legalmente en España e dispoñen do documento que as habilite para residir e acceder sen limitación ao mercado de traballo. Neste caso, a acreditación realizarase no momento de formalizar o contrato.
- b) Ser maior de idade e non ter acadada a idade de xubilación.
- c) Posuír un título de graduado/a, licenciado/a ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial da súa homologación.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas desta categoría.
- e) Non ter sido obxecto de separación nin estar incurso en inhabilitación nos termos establecidos pala Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público.

Requisitos específicos

- Ter formalizado a solicitude de preinscrición no Máster Interuniversitario en Economía nalgunha das universidades do SUG, á data de peche de solicitudes. No caso de non tela realizado durante o primeiro período, deberá facerse tan pronto como abra o segundo prazo na universidade correspondente, e poderase subsanar esta condición durante o período de subsanacións habilitado para isto, que será de dez días a contar dende o día seguinte á publicación da listaxe de admisións e exclusións, presentando o resgardo de preinscrición.
- Cursar os estudos de mestrado en modalidade presencial (non se admitirán candidaturas de alumnos/as que se vaian matricular na modalidade online)

- Nivel mínimo de inglés equivalente a un B1 (deberá poder ser acreditado mediante o certificado correspondente, conforme ó Marco común europeo de referencia, e/ou na entrevista persoal)

Proceso de selección

Realizarase en base á información recibida, aplicándose a seguinte valoración:

- Currículo e expediente académico – 60%
- Entrevista persoal – 40%

Comisión de avaliación

O proceso selectivo será resolto por unha comisión formada por membros da Dirección de ECOBAS e polos/as coordinadores/as do Máster en Economía.

Presentación de candidaturas

1. Para tomar parte neste proceso de selección deberase cumprimentar o [formulario de recursos humanos](#) na páxina web de ECOBAS, indicando a referencia 'ECOBAS 2021-06' e seleccionando o perfil laboral 'Investigador predoutoral'. Xunto co formulario achegarse, a través da propia aplicación e nun único documento PDF: 1) CV actualizado (máximo 2 páxinas); 2) copia do certificado académico dos estudos que dan acceso máster no que se indique a nota media; 3) resgardo da solicitude de preinscrición; 4) unha breve carta de presentación (máximo 1 páxina). As candidaturas que non se axusten a estes parámetros non serán tidas en conta¹. Durante o proceso de selección, os/as candidatos/as poderán ser requiridos/as para aportar xustificantes dos méritos que figuran no seu CV.
2. As persoas que resulten seleccionadas poderán ser convocadas para realizar unha entrevista persoal en modalidade presencial ou virtual.
3. O prazo de envío de candidaturas rematará o **15 de agosto de 2021 ás 23.59h**.

¹ Agás no caso das persoas que vaian realizar a preinscrición no segundo período habilitado para tal fin, e que non poidan presentar o resgardo de solicitude correspondente na data de peche de solicitude da convocatoria.

4. Unha vez rematado o prazo de solicitude, publicarase unha listaxe de admisións e exclusións, indicándose o motivo das mesmas, e abrirase un período de subsanación de 10 días naturais.
5. Rematado o período de subsanación, realizarase a valoración das candidaturas e publicarase o resultado da selección en forma de listaxe, indicándose as persoas seleccionadas e as persoas en reserva, e abrirase un período de reclamacións de 10 días.
6. Para a formalización dos contratos coas persoas seleccionadas será imprescindible que teñan sido finalmente admitidas no mestrado e que teñan formalizada a matrícula na data de inicio da contratación.

En Vigo, a 9 de xullo de 2021

